

OS GLACIARES, MOTTO MAIS CAUNHA PAISAXE FERMOSA

Sabías que só o 2,5% da auga do planeta é doce? E da auga doce, o 70% provén dos glaciares. Son esenciais para o planeta! Pero as emisións de CO₂, a deforestación e os combustibles fósiles están acelerando o quecemento global e os glaciares estanse a derreter. Reciclar, reducir e reutilizar é a clave para frear o desxeo.

Os glaciares cobren o **10%** da superficie terrestre.

Poderíase perder ata o **56%** da masa dos glaciares antes de 2100.

O **desxeo** limita a subministración de auga, a agricultura e a xeración de enerxía.

2.000 millóns de persoas abastécense de auga potable grazas aos glaciares.

O aumento da temperatura terrestre foi o responsable do desxeo dos glaciares ao longo da historia.

